
FENDAS DO SILENCIO

XOVES 30 ABRIL 2026

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Josep Planells, director

Noè Rodrigo Gisbert e Adélaïde Ferrière,
percusión

En colaboración co Festival RESIS

PRECONCERTO ALUMNADO DO CURSO

AVANZADO DE ESPECIALIZACIÓN ORQUESTAL

Sala Mozart, 19.45 h

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



Sala Mozart, 19:45h

**Preconcierto alumnado do Curso Avanzado
de Especialización Orquestral**

Elena Rodríguez e Lía Teotonio, violín; Inmaculada Muedra,
viola; Javier Nicolás Casamayor, violonchelo

Timur Sadikov, profesor

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Cuarteto de corda núm.1, en Fa maior Op. 18

Allegro con brio

Adagio affettuoso ed appassionato

Scherzo. Allegro molto - Trio4

Allegro

DMITRI SHOSTAKOVICH (1906-1975)

Cuarteto de corda núm. 7 en fa menor, Op. 108

Allegretto

Lento

Allegro-Allegretto

PROGRAMA

I.

REBECCA SAUNDERS (1967)

VOID

II.

FRANCISCO DOMÍNGUEZ (1993)

Negra sombra*

FRANCISCO GUERRERO (1951-1997)

Coma Berenices

**Encarga da RFG (Proxecto Cometas). Estrea absoluta*

Duración aproximada do concerto: 75 minutos (con pausa). Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia, formada por cincuenta músicos, créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e César Ramos o seu director asistente durante o período 2026/2027. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino

Adriana Winkler, axuda de concertino

Anca Smeu **

Yulia Petrushevskaya

Victoria Jurov

Ilya Fisher

Ildiko Oltai

Michal Ryczel

Anna Alexandrova

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Samira Ajkic

Gyula Vadaszi

Kiyoko Ohashi

Enrique Roca

Elena Viksne

VIOLAS

Natalia Madison *

Ionela Ciobotaru **

Iriana Fernández

Timur Sadykov

Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS

Alvaro Peregrina *(R)

Manuel Lorenzo **

Fabio Arias

Thomas Piel

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Amador Del Pozo

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

Ana Mondéjar (R)

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *

Vicente López **

Xocas Meijide (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *

Xavier Ramón **

Jordi Ortega

Pablo Pazos (R)

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llátser **

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)

Juan Luís Novo (R)

Faustino Núñez (R)

TUBA

Nicolás Portas (R)

TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Diego Ventoso (R)

M^a Isabel Diego (R)

ARPA

Bleuenn Le Friec (R)

PIANO

Haruna Takebe (R)

GUITARRA ELÉCTRICA

Manuel A. Álvarez (R)

ACORDEÓN

Vadzim Yukhnevich (R)

JOSEP PLANELLS SCHIAFFINO

DIRECTOR

O compositor e director Josep Planells Schiaffino colaborou con numerosos conxuntos e orquestras, entre eles a WDR Sinfonierochester Köln, Basel Sinfonietta, Lucerne Festival Academy Orchestra, Deutsche Radio Philharmonie Saarbrücken, Orquesta Nacional de España, Bilbao Orkestra Sinfonikoa, Orquesta de Valencia, Bayerisches Landesjugendorchester, Sächsische Bläserphilharmonie, Ensemble Modern, Ensemble Mosaik, Zafran Ensemble, Remix Ensemble, Danubia Orchestra Óbuda e a Kritisches Orchester no Theater Basel, Kölner Philharmonie, Fondation Royaumont, Lucerne Festival, Slovenian Philharmonic, Rudolf-Oetker-Ache, Bockenheimer Depot, Frankfurt LAB, Auditorio Nacional de España, Palau da Música de València, Theaterhaus Stuttgart, Casa da Música do Porto, o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, a Fundación Juan March, o Palau de Les Arts ou o Wittener Day de nova música de cámara, entre outros.

Pola súa música foi galardoado con numerosos premios, entre eles, a Roche Young Commission do Festival de Lucerna, o New Scenes IV da Deutsche Oper Berlin, o DAAD-Prize, o Primeiro Premio Vorhof der Völker de Berlín, o Terceiro Premio no Felix Mendelssohn Bartholdy Hochschulwettbewerb e o Primeiro Premio no Concurso INJUVE. Entre os seus encargos figuran unha peza para o obradoiro de dirección INTERAKTION, o Zafran Ensemble, a WDR Sinfonieorchester Köln, a Orquesta Nacional de España, o INAEM, o Sigma Project, Vibrart, Trio Musicalis, o CNDM e para a Beethoven-Haus Bonn, onde viviu como parte da residencia de compositores da Studienstiftung des Deutschen Volkes.

Como director, Josep Planells Schiaffino foi asistente de Franck Ollu de 2017 a 2020, con quen participou nas producións de *Jakob Lenz* de Rihm na Staatsoper de Berlín (Dir. Andrea Breth), *Medea* de Dusapin nos Festspiele de Salzburgo e *Macbeth Underworld*

na Opéra Comique de París (Dir. Thomas Jolly), coa Deutsche Symphonie Orchester de Berlín para o Festival Ultraschall e en *Oresteia* de Xenakis no Theater Basel (Dir. Calixto Bieito), facendo o seu debut operístico cando dirixiu dúas representacións en abril de 2017. Estudou con Fred Buttkewitz en Berlín e participou en varias clases maxistras con Peter Rundell no Porto e con Peter Eötvös en Budapest e Múnic. En 2015 gañou o Primeiro Premio de Interpretación no Concurso Hanns Eisler. En 2019 traballou con Matthias Pintscher e Heinz Holliger como parte da Bolsa de Dirección do Festival de Lucerna.

Nos últimos anos colaborou regularmente co Ensemble Modern, co que participou en proxectos como *Story Water* (Emanuel Gat Dance) e coa Dresden Frankfurt Dance Company no proxecto de Jacopo Godani co Ensemble Modern. En 2020 debutou como director operístico en España dirixindo *A fruta máxica* no Teatre Principal de Palma de Mallorca

(en coprodución con Opera Zuid Maastricht). Desde 2022 traballa regularmente no Gran Teatre do Liceu. Na tempada 2021-22 debutou no Foyer do Gran Teatre do Liceu dirixindo a estrea da ópera de cámara *Entre los árboles*, de José Río Parella. En 2023 asistiu a Josep Pons na premiada produción de *Parsifal* e recentemente traballou con Pierre Bleuse na estrea de *Orgia* de Hèctor Parra. A tempada pasada tamén debutou como director na Pierre Boulez Saal.

Nacido en Valencia en 1988, Josep Planells Schiaffino obtivo o seu Diploma de Clarinete no Conservatorio Superior de Música Joaquín Rodrigo e a súa Licenciatura e Mestrado en Composición baixo a dirección de Arnulf Hermann e Hanspeter Kyburz na Hochschule für Musik Hanns Eisler de Berlín. Durante este tempo tamén recibiu clases de Salvatore Sciarrino, Brian Ferneyhough e Wolfgang Rihm. Obtivo o apoio da Fundación Alexander von Humboldt, Studienstiftung des Deutschen

Volkes, Förderverein do HfM Hanns Eisler, La Caixa/DAAD, a Bolsa Elsa-Neumann do Estado de Berlín e a Fundación Peter Eötvös. Completou un doutoramento na Universidade de Cambridge supervisado por Richard Causton e financiado por un Premio do Vicerreitor Honorario do Cambridge Commonwealth, European & International Trust e unha Bolsa de Doutoramento Pigott.

Durante o curso académico 2021-22 foi profesor convidado de composición na Escola Superior de Música de Catalunya (ESMUC) e, desde 2023, dirixiu diversos proxectos no Conservatori do Liceu. Tamén impartiu conferencias no Conservatorio Superior de Música de Castela e León, a Universidade Complutense de Madrid e a Universidade de Cambridge.

NOÈ RODRIGO GISBERT

Noè Rodrigo é un solista español que desenvolve a súa actividade arredor da música actual e de nova creación. É percusionista do Asko|Schönberg Ensemble e colabora con diferentes ensembles e orquestras arredor do mundo.

Foi convidado a algúns dos festivais máis importantes de Europa como o Festival Printemps des Arts de Monte-Carlo, o Festival Internacional de Música e Danza de Granada ou o Festival Internacional de Edimburgo, no que actuou como solista coa Orquestra de Cámara Escocesa, xunto ao pianista Pierre-Laurent Aimard e Matthias Pintscher.

Así mesmo, ofreceu concertos en Francia, Holanda, Reino Unido, Suíza, Estados Unidos e España, actuando no Palau de la Música Catalana, no Usher Hall de Edimburgo, no Muziekgebouw de Ámsterdam, na Sala Pierre Boulez, na Elbphilharmonie de Hamburgo, na Fundación Juan March, en L'Auditori (xunto á Banda Municipal de Barcelona), no Teatro Monumental (xunto á

Orquestra de la RTVE), no Palacio Euskalduna (xunto á Banda Municipal de Bilbao), no Teatro Colón da Coruña (xunto á Banda Municipal da Coruña), no ADDA en Alacante e na Fundación Luis Seoane na Coruña, durante o Festival RESIS, entre outros. Participou tamén nos ciclos de concertos organizados por AiE (AiEnRuta-Clásicos) e Juventudes Musicales de España. Co seu dúo de percusión Mbira-duo realizou concertos en múltiples festivais de España, entre eles o Festival Internacional de Santander e o Festival Pórtico do Paraíso de Ourense.

Noè Rodrigo foi galardoado con varios premios en concursos nacionais e internacionais, obtendo o primeiro premio no Concurso Permanente de Juventudes Musicales 2015 e o premio especial da European Union of Music Competitions for Youth.

Traballa con compañías de teatro musical en España, Holanda, Alemaña e Suíza e é colaborador

habitual de Slagwerk Den Haag, da Orquestra Real do Concertgebouw, da Orquestra Filharmónica dos Países Baixos, da Orquestra Sinfónica de Galicia e da Bilbao Orkestra Sinfonikoa, entre outras agrupacións. É un educador moi apaixonado e combina a súa actividade concertística coa realización de clases maxistras e cursos de perfeccionamento.

En agosto de 2018 formou parte do xurado do Eurovision Young Musicians Competition 2018, celebrado en Edimburgo. É catedrático interino do Conservatorio Superior de Música de Castilla y León. O seu firme compromiso coa difusión da música actual levouno a realizar entrevistas para Radio Nacional de España e *El Compositor Habla*.

Noè Rodrigo inicia os seus estudos musicais en Altea, a súa cidade natal, para máis tarde ingresar no Conservatorio Superior de Música de Aragón. Tras graduarse, realizou estudos de mestrado no Conservatorium van Amsterdam. Formou parte da Orquestra Xuvenil da Unión Europea, da Orquestra da Academia do Festival de Lucerna, da Joven Orquestra Nacional de España, entre outras orquestras novas.

Rodrigo é tamén coordinador artístico do Festival RESIS de Música Contemporánea e director artístico e membro fundador de Arxis Ensemble e Arxis Percussion Group.

En 2023 publica o seu primeiro disco en solitario, *Paraules*, con obras de Xenakis, Sciarrino, Denísov, Borzelli, Vallejo, Mantovani e Torres, baixo o selo IBS Classical.

Durante a tempada 25-26 debutará xunto á Real Filharmonía de Galicia, estreando en España o dobre concerto para percusión *Void*, de Rebecca Saunders; e xunto á Orquestra da Universidade de Atlanta, Georgia. Na súa xira polos Estados Unidos ofrecerá tamén varios recitais en Atlanta e Washington, ademais de obradoiros, clases maxistras e participación en festivais de música actual.

ADÉLAÏDE FERRIÈRE

Adélaïde Ferrière é unha intérprete de concerto de renome internacional, descrita como “un fenómeno” polo xornal *Le Monde*, e que xa actuou en máis de trinta países de todo o mundo.

Ten actuado en escenarios de prestixio como a Philharmonie de Paris, o Auditorium de Radio-France, o Mozarteum de Salzburgo, a Comédie Française, a Opéra National de Paris, La Seine Musicale, o Teatro Argentina de Roma, o Snow Concert Hall de Canberra, a Atatürk Opera Hall de Istambul, a Filharmonía de Brno, a Ópera Nacional Grega, o New National Theater de Toquio, o Auditorium Rainier III de Mónaco, o Teatro de Epidauro, o Salzburger Festspiele, o Festival Présences, Un Violon sur le Sable, o Printemps des Arts de Monte-Carlo, o Festival d’Automne, o Festival de Pâques, o Festival Berlioz, o Festival Ravel, a tempada da Filarmonica Romana, entre outros.

Colaborou como solista con máis de trinta orquestras, entre elas a Orquestra Nacional de Francia, a

Orquestra Filharmónica de Radio France, a Orquestra de Cámara de Xenebra, a Orquestra Filharmónica de Brno, a Orquestra Sinfónica Estatal de Estambul, a Orquestra Sinfónica de Porto Rico, a Orquestra de Cámara de París, a Orquestra da Ópera Nacional de Lorena, a Orquestra de Cámara de Letonia, a Orquestra Sinfónica de Xalapa, a Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra de Cámara de Nova Aquitania, baixo a dirección de Matthias Pintscher, Sir George Benjamin, Holly Choe, Adrian Prabava, Adrien Perruchon, Joseph Bastian e Gergely Madaras, entre outros. En 2022 foi artista asociada da Orquestra dos Países de Savoia, e posteriormente, en 2024, da Orquestra Dijon Bourgogne.

En 2017 foi nomeada “Revelación como Solista Instrumental” na 24ª edición dos premios Victoires de la Musique Classique, converténdose na primeira percusionista en ser nomeada nesta cerimonia.

En 2024, a músico participou na serie Rising Stars do selo Deutsche Grammophon e gravou dous

sinxelos na colección *Musical Moments*. Tamén foi seleccionada para o programa 2025-2027 de "Génération Spedidam Classique et Contemporain". En decembro de 2025, Adélaïde Ferrière foi convidada a actuar no prestixioso banquete dos Premios Nobel no Concello de Estocolmo, onde interpretou unha estrea mundial de Jacob Mühlrad.

En 2026, a percussionista foi incluída entre os 200 novos líderes do futuro segundo *Le Figaro*. Ese mesmo ano foi distinguida como "Solista Instrumental do Ano" na 33ª edición dos Victoires de la Musique Classique.

Adélaïde ingresou no Conservatoire National Supérieur de Musique et de Danse de Paris aos 15 anos, onde obtivo o seu mestrado con honras en 2017. Tamén estudou no Royal College of Music de Londres en 2016.

Fondamente comprometida co repertorio actual, a intérprete participou en numerosas estreas absolutas e traballou con compositores de distintas xeracións, entre eles Georges Aperghis, Noriko Baba, Philippe Hurel, Martin Matalon, Camille Pépin, Bastien David, Mikaël Karlsson, François Meïmoun, entre moitos outros.

O seu primeiro disco, *Contemporary*, publicouse co selo Evidence Classics en 2020 e foi amplamente eloxiado pola crítica (*Le Choix de France Musique*, Joker Crescendo Découverte, Selección *Le Monde*, Selección *Le Figaro*, catro estrelas en *BBC Music Magazine*). Tamén gravou para os selos Mirare (*Messiaen: Des Canyons aux Étoiles*), B records (*Alliages / Trio Xenakis*), Sony Classical (*New York*, con Thibault Cauvin) e Présences Compositrices (*Aether*, de Camille Pépin).

As súas actuacións e entrevistas foron difundidas por Arte & Arte Concert, Medici.tv, Stage+, CultureBox, Pathé Live, France Télévisions, M6, TV5 Monde, Radio France e Radio Classique.

Adélaïde Ferrière é artista de Yamaha e Kolberg. Conta co apoio de Adami, Spedidam, a Fondation Safran pour la musique, a Swiss Engelberts Foundation for Arts and Culture e a Fondation Singer-Polignac, onde é artista residente co Trio Xenakis, agrupación da que é artista asociada desde 2025.

FENDAS DO SILENCIO MARES DE HISTORIAS

Esta noite a Real Filharmonía de Galicia presenta un novo concerto dentro da presente temporada Historias que leva por título "Fendas do Silencio". Trátase dunha colaboración co Festival RESIS (Festival de Música Contemporánea de A Coruña) e nel teremos ocasión de escoitar obras recentes: unha estrea absoluta, *Negra Sombra* de Francisco Domínguez, *VOID* (2013-2014) de Rebecca Saunders (estrea en España) e *Coma Berenices* (1997) de Francisco Guerrero.

A primeira obra do concerto leva por título *VOID* de Rebecca Saunders (1967), compositora londiniense afincada en Berlín e unha das autoras internacionais máis recoñecidas da súa xeración. Estudou composición con Nigel Osborne e Wolfgang Rihm e recentemente outorgáronlle dous doutoramentos honoríficos: na University of Huddersfield en 2018 e na de Edimburgo en 2023. Saunders ten recibido distintos galardóns como o Premio de Música Ernst von Siemens, o León de Ouro da Música da Bial de Venecia (2024), o Premio Happy New Ears 2015, o Premio Hindemith, Premio de Música Mauricio Kagel e diversos premios da Royal

Philharmonic Society e BASCA British Composer Awards. A súa música é interpretada por recoñecidos artistas como o Ensemble Intercontemporain, o Ensemble Musikfabrik ou o Klangforum Wien entre outros. No seu estilo destaca a exploración das propiedades escultóricas e espaciais do son e o diálogo e a colaboración con outras músicas e artistas de diversos campos. Actualmente a compositora é membro da Academia das Artes de Berlín e da Academia das Artes de Sajonia (Dresde), e imparte docencia con regularidade en marcos como os famosos e históricos Cursos de Verán de Darmstadt.

VOID forma parte dun tríptico da autora xunto coas obras *Still* (2011) e *Alba* (2014) e trátase dunha composición para orquestra e dúo de percusión. Foi un encargo realizado en 2013 pola Westdeutscher Rundfunk e Wien Modern e a estrea tivo lugar o 10 de maio de 2014 no Festival de Música de Cámara Witten Days por Christian Dierstein e Dirk RothBrust (aos que Saunders dedicou a obra) coa Sinfónica da WDR baixo a dirección de Peter Rundell. *VOID*, que hoxe soará por primeira vez en España,

está baseada nos *Relatos e textos para nada* (1953) de Samuel Beckett, escritor irlandés recoñecido como un dos dramaturgos máis influentes do século pasado, ademais de poeta, crítico e narrador. O conxunto do libro está formado por 13 fragmentos nos que Beckett elimina todo artificio literario para aproximarse, nunha busca obsesiva, ao que hai detrás das palabras, ben sexa a verdade ou o baleiro. Concretamente, Saunders, baséase na prosa final da obra onde tal e como explica «momentos fugaces intensamente fráxiles, que describen unha voz que murmura sen boca e incesante, se xustapoñen con violentos arranques de ira». A compositora describe así a súa propia obra: «Debaixo da superficie do silencio xace unha cacofonía de son e ruído, un potencial infinito para revelar e facer audible. O acto de compoñer revela, fai visible, tirando suavemente do fráxil fío do son, extraendo fragmentos de cor das profundidades, capturando o momento e permitindo que o son brote da éxtase da idea imaxinada».

A seguinte obra que escoitaremos é *Negra Sombra* e supón unha nova estrea dentro da serie «Cometas» impulsada pola orquestra durante este curso musical. O compositor da mesma é Francisco Rodríguez, nado en 1993 en Alcolea de Calatrava

(Cidade Real). Realizou a súa formación superior no Musikene (Centro Superior de Música do País Vasco), estudando composición con Gabriel Erkoreka —cuxa obra *Alalá* escoitamos a semana pasada— e viola cos mestres David Quiggle e Natasha Twitch. Posteriormente, cursou un mestrado na Kunst Universität de Graz (Austria) e ten recibido clases maxistras de composición de autores como Peter Eötvös, Helmut Lachenmann, Ramon Lazkano, Hèctor Parra, Alberto Posadas ou Rebecca Saunders, coa que hoxe comparte programa. Ao longo da súa traxectoria recibiu diversos galardóns entre os que podemos destacar: primeiro premio dos concursos Pedro Sorozabal (XV edición) e Francisco Escudero (VII e IX edición), terceiro posto no Premio de Composición Toru Takemitsu (2020) e mencións de honra no concurso Franz Schubert (X edición) e Concurso de Composición para Jóvenes Compositores de la Fundación SGAE (XXVI edición). A súa música foi interpretada en prestixiosos festivais e por importantes intérpretes como a Orquestra Filharmónica de Tokio, a Orquestra Sinfónica de Castela e León ou a Orquestra Sinfónica de Bilbao.

A obra que hoxe nos presenta, *Negra Sombra*, está baseada no poema homónimo da nosa célebre poetisa.

O compositor reconece que a súa intención dende un primeiro momento despois de recibir o encargo era buscar un nexo con Galicia e que trala lectura do texto «esa sombra da que fala, unha presenza omnipresente, case física» foi o que máis lle atraeu. Este novo traballo foi escrito para orquestra sinfónica e Fixed Media (literalmente medio fixos), un recurso moi típico na música electroacústica que consiste no emprego de son gravados previamente e fixados nun soporte que son reproducidos no momento da interpretación. Neste caso e tal e como explica Rodríguez: «a sombra é a electrónica e nela plásmase a voz de Rosalía, en primeira instancia. É dicir: dinlle a volta ao poema. A voz, o físico, é agora a sombra e a orquestra unha sombra dunha sombra. O poema é recitado por Cristina Santos Taboada, a quen coñecín en Musikene durante os meus estudos de viola, e que sente un profundo aprecio por Rosalía. Porén, a voz na electrónica non é unha mera reprodución da gravación, é unha composición en si: en cada palabra hai máis de vinte capas tímbricas diferentes, tratadas minuciosamente para que a voz soe máis instrumental e, á vez, algo máis distante. A isto súmanse fenómenos acústicos como batimentos, sons diferenciais e sumatorios, que emerxen da interacción entre capas. En certos

momentos a obra alude a imaxes do poema, o vento, o choro, o canto, o río, non como citas literais senón como resonancias».

A derradeira obra do concerto desta noite é *Coma Berenices* de Francisco Guerrero Marín (1951-1997), un dos autores máis importantes da música española do século XX. Nado en Linares (Xaén) en 1951, as súas primeiras incursións na música viñeron da man do seu pai, o tamén músico Francisco Guerrero Morales, con quen estuda piano e linguaxe musical. Entre 1966 e 1969 fórmase con Juan Alfonso García, organista da catedral de Granada e gaña o Concurso Manuel de Falla coa súa obra *Facturas* (1969). Pouco despois, en 1971, con dezanove anos, trasládase a Madrid para desenvolver a súa carreira como compositor e xa na capital, establece lazos con dúas personalidades que serán moi importantes na súa traxectoria, Tomás Marco e Luis de Pablo (ao que xa coñecía previamente). Da man deste último pasa a formar parte de Alea, o primeiro laboratorio de música electroacústica español creado por de Pablo en 1964. Neses mesmos anos compaxina a súa faceta compositiva coa de intérprete de piano en diversas agrupacións contemporáneas e en 1974 co-funda Glosa, un grupo dedicado á interpretación de partituras

gráficas. As obras destes primeiros anos presentan trazos como a indeterminación, a notación espacial, a música textual e o emprego das xa citadas partituras gráficas, correntes moi en boga nos anos sesenta en España. Porén, a finais da década dos 70 comeza unha nova etapa estética caracterizada pola continuidade sonora e o tempo musical retrasado e a súa música despunta no panorama europeo. A finais dos 80 e despois dunha crise persoal e creativa coñece a Miguel Ángel Guillén, enxeñeiro informático co que colabora nos anos 90 na creación de obras fractais (baseadas en modelos matemáticos e xeométricos) con axuda de softwares informáticos e propostas moi próximas ás de Iannis Xenakis. A ciencia pasa a ser para el unha ferramenta indispensable na creación musical: «A música necesita dese rigoroso pensamento que non é nin máis nin menos que o científico». Guerrero creou ademais unha importante estela de compositores que se formaron con el entre os que podemos destacar a David del Puerto ou Juan Carlos Martínez Fontana por citar algúns.

Coma Berenices é unha das últimas obras que compuxo antes da súa repentina e temperá morte en 1997 e nela intentou unir música e ciencia para crear un arte interdisciplinario

que explicara e expresara diversas formas e realidades. A obra estreouse o 23 de setembro de 1998, de maneira póstuma, no Teatro Principal de Alicante dentro do XIV Festival de Música Contemporánea da cidade a cargo da Orquesta de Radio Televisión Española dirixida por Lucas Pfaff. Segundo este mestre, trátase da obra máis importante de Guerrero e parece que con ela levou ao extremo as posibilidades sonoras da orquestra. Ao igual que a maioría das pezas do seu último período creativo empregou sistemas de simulación fractal, métodos matemáticos e computacionais que xeran estruturas xeométricas complexas que pretenden imitar modelos presentes na natureza. Neste caso ese modelo de referencia que dá título á obra é Coma Berenices, unha constelación do hemisferio norte.

Fendas do silencio: un concerto que nos abre as portas á música contemporánea da man de tres compositores con propostas diversas que nos invitan a achegarnos dun modo diferente ao son e á arte musical.

Carne Tubío Barreira

PRÓXIMO CONCERTO
Obradoiro de composición RFG /
RESIS.LAB IV

VENRES 8 MAIO (Entrada de balde)
Auditorio de Galicia, 20.30h

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA
Armando Merino, director
José Manuel López López,
profesor de composición

· Obras de estrea dos participantes do obradoiro:
Arsen Babajanyan, Mar Caballer Llopis,
María Vincenza Cabizza, Humberto Díaz Galindo,
John Franek e Andrés Poveda.

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)
[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)
[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

FILHARMÓNÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA

